



VII SEMINARIO SOBRE A MEMORIA
“As Misións Pedagóxicas, a depuración no maxisterio
e as mulleres antifranquistas represaliadas”
Rianxo – Boiro – Gres (Ponte Ledesma)
20, 21 e 22 de maio de 2016

CONFERENCIA

“AS MISIÓN S PEDAGÓXICAS EN GALICIA”

Xosé Luís Axeitos Agrelo,

Catedrático de Lingua e Literatura Castelá, investigador sobre a República,
a Guerra Civil, o exilio e o galeguismo

Adoita ser idea común que as Misións Pedagóxicas eran un proxecto de educación e culturalización do mundo rural. Esta concepción evita en definitiva a complexidade e riqueza da filosofía misioneira para acollerse a unha lectura preguiceira e mostrenca. Tal é a expresada en 1933 en *El Pueblo Gallego* que saúda deste xeito aos misioneiros:

Ya lo sabéis, maestros y alcaldes de todas las villas y pueblos de Galicia: cuatro mozos "libres y puros", Rafael Dieste, José Otero Espasandín (otro gran espíritu gallego), Antonio Sánchez Barbudo y Ramón Gaya, andan por vuestras tierras en insólito peregrinaje de amor y fantasía para llevar a las gentes sencillas y doloridas a puertos de más alta y clara humanidad.

Porén, a maioría dos que participaron nas Misións conformaron unha imaxe da España "non oficial" que os acompañará o resto da súa vida, revalidando a súa confianza nas formas artísticas populares e sentíndose parte dun proxecto cultural, social e político co que se identificaron plenamente.

Por este motivo dicía Dieste que despois de ter sido misioneiro dificilmente se podía ser marrulleiro en política, ficticio ou pedante en arte, descoidado en asuntos de ética profesional.

É difícil diferenciar que hai nesa mirada sobre España de análise e que de proxecto social e cultural. O que non cabe dúbida é que todos os misioneiros, Dieste, Lorenzo Varela, Cernuda, María Zambrano, Enrique Azcoaga, foron construíndo unha imaxe do pobo español considerablemente idealizada que se incrementou posteriormente vendo a resposta que ese mesmo pobo deu ao golpe militar de 1936. No caso de Dieste esta idea e esta preocupación polo popular xa estaba presente nos anos vinte, e as Misións non fixeron máis que potencialas e convencelo da necesidade dunha comunión entre os intelectuais e o pobo.

A Misión en Galicia, dirixida en 1933 por Rafael Dieste, pon sobre a mesa outros problemas e complexidades como pode ser a recepción do mundo cultural español no vizoso e rexenerador nacionalismo galego dos anos trinta.